

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
2664/2026	A Xunta de Goberno Local	03/07/2026

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 2664/2026. APROBACIÓN BASES REGULADORAS, A CONVOCATORIA E ANEXOS QUE FIGURAN NAS MESMAS CORRESPONDENTE A SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO DE TUI. EXERCICIO 2026

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

RESOLUCIÓN

ASUNTO : BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO DE TUI NO EXERCICIO 2026. (EXPTE: 2464/2026).

Co fin de que poidan acceder tódalas asociacións culturais, dende a Concellería de Cultura preténdese convocar unha liña de achegas que ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión e subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo polas asociacións culturais do Concello de Tui no exercicio 2026, mediante o procedemento de concorrència competitiva.

Que no Orzamento Xeral do Concello para o 2026, retívose crédito na partida 2026.1.334.48900.03, pola contía de 42.200,00€ segundo documento RC nº 220260003542 de data 29 de maio de 2026.

Que figura informe favorable emitido polo Departamento de Intervención ref.: 167/2026 do 17 de xuño de 2026.

Á vista dos antecedentes, a Xunta Local de Goberno adopta seguinte ACORDO:

PROPOÑO a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobamos as seguintes bases reguladoras, a convocatoria e anexos que figuran nas mesmas correspondente a subvencións para a Promoción de actividades levadas a cabo por asociacións culturais do Concello de Tui. Exercicio 2026, que se transcriben ao seguir:



“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO DE TUI NO EXERCICIO 2026

Datos do programa:

<i>Concellaría</i>	<i>Cultura</i>
<i>Anualidade</i>	<i>2026</i>
<i>Denominación</i>	<i>Subvencións para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións culturais do Concello de Tui no exercicio 2026.</i>
<i>Beneficiarios</i>	<i>Asociacións culturais que realicen actividades de índole cultural existentes no Concello de Tui, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.</i>
<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>2026.1.334.48900.03</i>
<i>Importe da convocatoria</i>	<i>42.200,00€</i>
<i>Importe da subvención que se vai conceder</i>	<i>Máximo de 7.000,00 €</i>
<i>Coefficiente de financiamento</i>	<i>Máximo do 80% sobre orzamento/gastos presentados</i>

BASE 1.- OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, destinadas a promover actividades das asociacións culturais do Concello de Tui, que se desenvolvan durante o exercicio 2026, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, conforme a disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu Regulamento, así como no Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

A través da presente convocatoria, desde a Concellaría delegada de Cultura propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS OU DE PRIMEIRO NIVEL.

· Achegar a cultura ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.



- *Promover a existencia dunha vida cultural estable dentro do ámbito territorial do Concello de Tui, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.*
- *Fomentar a participación activa da veciñanza nunha actividade -a cultura- de claro interese público, como medio de promover a formación das persoas máis novas, e de propiciar a oportunidade de convivencia entre os veciños e veciñas.*

1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS OU DE SEGUNDO NIVEL.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación ou obxectivos de segundo nivel:

- *Promover a participación da veciñanza na vida das entidades culturais, ao primar o número de socios e socias activos.*
- *Promover a complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellaría, primando aqueles entidades que desenvolven un maior no de actividades.*
- *Poñer a disposición do Concello información completa e actualizada das asociacións sen ánimo de lucro do municipio, co fin de promover unha relación fluída con estas, e posibilitar o deseño de políticas eficaces que permitan dinamizar a actividade particular en materia de cultura que resulte complementaria coas competencias atribuídas ao Concello neste ámbito.*

BASE 2.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Tui está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.*
- *Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*



- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
- *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.*
- *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*
- *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*
- *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*
- *Regulamento (UE) n° 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.*
- *Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Tui para o 2026.*
- *Bases Xerais tipo reguladoras da concesión de subvencións polo Concello de Tui e dos seus organismos autónomos, e Regulamento da Actividade de Fomento do Concello de Tui.*

BASE 3.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

*Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, destinadas a **promover actividades das asociacións culturais do Concello de Tui, que se desenvolvan durante o exercicio 2026.***

BASE 4.- FINANCIAMENTO

O importe da consignación ascende a un total de 42.200,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2026.1.334.48900.03 do orzamento ordinario para 2026.

O importe individual das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os 7.000,00 € nin o 80% do proxecto subvencionable.

BASE 5.- BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas subvencións as asociacións culturais que realicen actividades de índole cultural existentes no Concello de Tui que cumpran tanto os requisitos xerais como os específicos da convocatoria que se sinalan a continuación:

5.1. Requisitos xerais

Os/As beneficiarios/as de subvencións convocadas polo Concello de Tui deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- a) Non estar incursos en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*



b) *Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria (AEAT e ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Tui.*

c) *Non ter pendente a xustificación dalgunha subvencións anterior, a non ser que lles fos concedida unha prórroga.*

5.2. Requisitos específicos da convocatoria

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións culturais que cumpran os seguintes requisitos:

a) *Estar legalmente constituídas*

b) *Realizar actividades de indole cultural no termo municipal do Concello de Tui.*

c) *Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.*

Será requisito indispensable que os datos da inscrición da asociación estean debidamente actualizados no momento de solicitar a subvención.

d) *Non poderán concorrer na convocatoria regulada por estas bases aquelas entidades culturais que contén con subvención nominativa no ano en curso.*

e) *As asociacións ou entidades só poderán concorrer a unha das categorías de subvención convocadas polo Concello (Ensino, Culturais, Deportivas,..)*

É obrigatorio o cumprimento de todos os requisitos citados á finalización da presentación da solicitude. Non cumprir os requisitos dará lugar á exclusión da solicitude.

BASE 6.- GASTOS SUBVENCIONABLES

6.1. Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables aqueles nos que incorran os beneficiarios durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do 2026, polos seguintes conceptos:

1. *Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade.*
2. *Gastos de desprazamento con motivo do desenvolvemento da súa actividade (só gastos de desprazamentos concertados con terceiros en transporte público ou privado)*
3. *Alugueiro e reparación de material para o desenvolvemento das actividades..*
4. *Adquisición de bens destinados a actividade (material non inventariable)*
5. *Organización de actividades de carácter formativo ou cultural.*
6. *Gastos de publicidade.*



Consideracións con respecto aos gastos subvencionables:

- *Unicamente serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.*
- *Respecto dos gastos de transporte, aloxamento e manutención terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria xustificativa indicando motivo, persoas e datas. Ademais, no caso de desprazamentos deberase indicar a orixe e o destino.*
- *No caso de soldos e salarios e seguridade social, unicamente se terán en conta os do persoal relacionado coas actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria xustificativa.*

6.2. Gastos non subvencionables

- *Aquelas actividades que teñan como único ou principal obxectivo a celebración dunha comida entre os membros da asociación.*
- *As viaxes que non acrediten o seu carácter eminentemente cultural.*
- *A realización de obras e adquisición de material inventariable.*
- *Os gastos comúns de funcionamento (teléfono, intereses contas bancarias...), cargos e sancións administrativas e penitenciarios e gastos de procedementos xudiciais.*
- *As contías satisfeitas ao Concello de Tui polo uso das instalacións, nin os tributos, taxas e prezos satisfeitos a esta entidade.*
- *Gastos de produtos alimenticios (con excepcionalidade de castañas para os magostos e caramelos destinados a actividades culturais).*

6.3. Ámbito temporal

*Os gastos obxecto de subvención deberán efectuarse **no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.***

BASE 7.- COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓN

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das axudas non supere o custo da actividade ou o investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta subvención non poderán acollerse a outras convocatorias do Concello de Tui.

BASE 8.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. Publicidade da convocatoria



O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina Web do Concello de Tui e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.2. Prazo de presentación

*O prazo para presentar as solicitudes será de **15 días naturais** a contar desde o día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.*

8.3. Lugar de presentación

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentarase na sede electrónica do Concello de Tui (<https://concellotui.sedelectronica.gal/info.0>) mediante os modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria. Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REG)

No caso de presentar a solicitude de forma presencial, se lle requirirá para a súa emenda mediante a presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizara a emenda, polo que podería quedar presentada fora de prazo.

8.4.Documentación

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:

- A** a) *Memoria detallada, asinada polo representante, na que se pormenorice a denominación da actividade, breve resumo da mesma, data de realización, tipo de actividade (cultural, tradicional, lúdica, deportiva,..), número de persoas beneficiarias ou asistentes, custo da*
N *actividade (detallando as cantidades de recursos propios e as axudas públicas ou privadas),*
E *para as que se solicite a subvención.*
X
O b) *Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.*
I c) *Certificacións de estar ao corrente nas obrigas coas Axencias Tributarias (AEAT e ATRIGA), Tesourería Xeral da Seguridade Social.*



***A DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA QUE OSTENTA A REPRESENTACIÓN
N LEGAL DA ENTIDADE.***

***E
X
O
2***

Estes anexos poderán obterse nas dependencias do Departamento de Cultura, así como na páxina web do Concello (<https://tui.gal>).

As solicitudes das asociacións deberá presentalas o/a presidente/a, e a persoa que ocupe ese cargo deberá constar como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

Cando o órgano instructor reciba algunha solicitude incompleta, requirirá ás entidades solicitantes dando un prazo de 10 días hábiles que contará dende o día seguinte ao da notificación do requirimento (artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas)

Se a entidade requirida non respondese ao requirimento de emenda, entenderase que desiste da súa solicitude. Unha vez publicada a listaxe provisional, abrirase un período de alegacións de 10 días hábiles. Nos 10 días hábiles seguinte ao remate do prazo de alegacións, publicarase a listaxe definitiva.

BASE 9.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

9.1. Compromisos e obrigas xerais

As entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/as actividade/s ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e na finalidade para a que foron outorgados.*
- c) Xustificar debidamente a subvención concedida.*
- d) Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo de un mes desde a notificación /publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.*



- e) *Proporcionar ao servizo xestor e instructor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos do seguimento, avaliación e planificación, así coma facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.*
- f) *Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis axeitados.*
- g) *Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento de ditas circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- h) *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
- i) *Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.*
- j) *Empregar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.*
- k) *Cando as actividades afecten a menores de idade o persoal ao que corresponda a realización das mesmas cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.*

9.2. Compromisos e obrigas específicos desta convocatoria

Difusión do carácter público do financiamento. Os beneficiarios deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións.

As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.



En particular, deberá figurar a imaxe institucional do Concello nos carteis que se empreguen para a difusión das actividades culturais, así como nas redes sociais que se empreguen tanto para a súa difusión previa como unha vez realizadas as actividades.

BASE 10.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrência competitiva.

10.1. Instrución

1. A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de Cultura, que terá o carácter de órgano instructor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

2. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

a. Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.

b. Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos en esta base.

4. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolucións que deberá ser ditadas nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

5. O órgano instructor deberá emitir informe no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións reguladas nesta convocatoria.

6. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución debidamente motivada.

10.2. Comisión avaliadora



1. A Comisión Avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

<i>Presidente/a:</i>	- A persoa titular da Alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue
<i>Vogais</i>	- un/ha funcionario/a do departamento de Intervención - A/o coordinador/a de cultura, que actuará igualmente como secretario/a.

2. A Comisión Avaliadora deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude presentada, aplicando os criterios de valoración establecidos no apartado seguinte (10.3)

10.3 Criterios de valoración das solicitudes

A comisión Avaliadora analizará as solicitudes presentadas co fin de verificar que cumpren co previsto nestas bases, así como que a/s actividade/é para a/s que se solicita a subvención contribúen á consecución dos obxectivos sinalados na base 1.

A selección das peticións e contía das subvencións determinarase despois da consideración dos gastos que se vaian realizar, de acordo co seguinte baremo:

	<i>DESCRICIÓN</i>	<i>PUNTUACIÓN MÁXIMA</i>
1	Número de socios á data da solicitude	20 puntos
2	Orzamento actividades	15 puntos
3	Número de actividades totais	20 puntos
4	Promoción da lingua galega	5 puntos
<i>TOTAL</i>		60 puntos

En relación aos criterios de valoración 1, 2, 3, e 4 do baremo, os puntos serán asignados de acordo cos seguintes criterios:

1. Número de socios/as a data da solicitude:

<i>Socios/as</i>	<i>0-50</i>	<i>51-100</i>	<i>101-200</i>	<i>201-300</i>	<i>+ 300</i>
<i>Puntos</i>	2	5	10	15	20



--	--	--	--	--	--

2. Orzamento da actividades para as que solicita a subvención:

Orzamento (€)	<i>Menor de 4.000,00€</i>	<i>Entre 4.000,00€ e 8.750,00€</i>	<i>22.000,00€</i>	<i>Mayor de 8.750,00€</i>
Puntos	5	10		15

3. Número actividades totais: Número de actividades totais desenvolvidas pola asociación no período subvencionable.

Nº. Act	1	2	3	4	5
Puntos	1	2	5	10	20



4. Promoción da lingua galega:

Valorarase o uso da lingua Galega na difusión (carteleiras, páxina Web, redes sociais,...) e no desenvolvemento das actividades, actos ou eventos da entidade. Para iso aportarase todo o material gráfico impreso e/ou ligazóns á páxina Web, redes sociais que acrediten o uso da lingua galega.

Uso en	Carteis, impresos... ou ligazóns Paxina Web, redes sociais	En Carteis, impresos... e ligazóns Paxina Web, redes sociais
Puntos	2	5

Quedarán fóra da convocatoria aquelas solicitudes que non obteñan un mínimo de 10 puntos.

10.4 Determinación do importe da subvención concedida

Coeficiente de financiamento

Como máximo subvencionarase o 80 % do orzamento subvencionable.

O **coeficiente de financiamento (CF)** é o cociente existente entre a subvención concedida e o orzamento subvencionado, expresado en porcentaxe.

Enténdese por orzamento subvencionado o gasto total a que ascenda a actividade para a que se pretenda a subvención, segundo conste na solicitude formulada pola entidade interesada.

Importe da subvención concedida

$CF (\%) =$

$\frac{![(file:///C:/Users/LOXI~1.CON/AppData/Local/Temp/msohtmlclip1/01/clip_image001.png)]}{\text{Importe total do orzamento subvencionado da actividade}}$

O coeficiente de financiamento será aplicado sobre o gasto validamente xustificado, co fin de determinar o importe final da subvención que lle vaia corresponder á entidade beneficiaria.

En consecuencia, para percibir o importe íntegro da subvención concedida, a entidade beneficiaria deberá xustificar, como mínimo, un gasto polo importe total do proxecto presentado. Realizarase a correspondente minoración no caso de non xustificarse na súa totalidade.

Contía individualizada

Para determinar o importe da subvención concedida establécese unha equivalencia entre os puntos obtidos na fase de valoración e o coeficiente de financiamento que a subvención municipal representa sobre o orzamento subvencionado, cun máximo do 80%.



Puntuación total obtida = CF (%)

*Subvención inicial proposta = Orzamento total * CF*

En caso de que a suma das subvencións distribuídas de acordo co indicado neste punto supere o orzamento máximo da convocatoria que se sinala na base 4, todas as subvencións determinadas segundo o anterior reparto experimentarán a correspondente redución proporcional ata axustárense a dito importe máximo.

A contía da subvención/coeficiente de financiamento non poderá superar, en ningún caso, o 80 % do orzamento declarado polo/a solicitante ou nin o importe máximo sinalado na base 4 (7.000,00 €)

A suma das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou o investimento feito polo/a beneficiario/a.

10.5. Resolución

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor sobre a proposta realizada polo servizo instructor, a Alcaldía ou o órgano a favor do cal a Alcaldía efectúase a correspondente delegación, ditará resolución definitiva.

A resolución de concesión deberá conter a relación das solicitudes estimadas, desestimadas, desistidas e non admitidas a trámite.

As resolucións que estimen as solicitudes expresarán en relación con cada unha delas o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado. As que desestimen as solicitudes ou non as admitan a trámite motivarán debidamente esta circunstancia.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de subvención, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.6. Prazo de resolución e notificación

A resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de DOUS MESES desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.



10.7. Recursos

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de concesión da subvención). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención) e Lei orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

10.8. Aceptación ou renuncia á subvención

No prazo de DEZ (10) DIAS NATURAIS seguintes ao da notificación da resolución, os/as beneficiarios/as das subvencións deberán comunicarlle ao Concello de Tui, por escrito, a aceptación ou renuncia á mesma. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase tacitamente aceptada a subvención concedida.

BASE 11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

11.1. Importe a xustificar

O importe a xustificar será igual ao do proxecto presentado para a actividade subvencionada.

11.2. Prazo de xustificación

*O prazo de xustificación finalizará o **31 de xaneiro de 2027**, salvo que se conceda unha prórroga a instancia de parte.*

*Este prazo poderá ser ampliado ata o **31 de marzo de 2027**, como máximo, previa solicitude da persoa interesada presentada antes do **31 de decembro de 2026**. O prazo tamén poderá ampliarse previa proposta razoada da unidade xestora.*

11.3. Documentación xustificativa

ANEXO 3	CONTA XUSTIFICATIVA
ANEXO 4	DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE USO DO IDIOMA GALEGO E DIFUSIÓN FINANCIAMENTO

A obriga de xustificar a subvención concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO III destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:



1. *Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*

2. *Relación clasificada de gastos con identificación do acredor, o concepto de gasto, o seu importe, nº de factura, data de emisión e data de pagamento. Deberán achegarse os orixinais das facturas ou xustificantes do gasto que deberán ir acompañados da documentación acreditativa do pago. No xustificante bancario deberá constar, ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data do mesmo.*

*Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior. **É requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.***

Os/as beneficiarios/as das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias..)

Para facilitar o control da concorrencia de outras subvencións outorgadas coa mesma finalidade as facturas e demais xustificantes de gasto que se presenten deben ser orixinais.

Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios/as de subvencións como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou material obxecto de financiamento polo Concello de Tui, que terá os efectos previstos no artigo 17.3. h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de subvencións de Galicia.

3. *En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:*

- *orixinal dos contratos de traballo.*
- *Orixinal das nóminas aboadas e os boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como os documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).*

4. *Material empregado para o cumprimento do deber de difusión do carácter público do financiamento, de acordo co indicado na base 9.2.*

A documentación relativa á xustificación presentarase no rexistro electrónico do Concello. A persoa representante ou presidente/a da entidade responsabilizarase de que todos os documentos que se achegan na sede electrónica son orixinais.

11.4. Tramitación da xustificación



Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiario/as achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

Se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada ao/á interesado/a.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- o no caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado (é dicir, ao gasto da actividade, segundo figure na solicitude da subvención), aboarase a totalidade da subvención.*
- o no caso de que se xustifique gasto inferior ao 100 por 100, pero superior ou igual ao 20 por 100 do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.*
- o no caso de que se xustifique gasto inferior ao 20 por 100 do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador nas normas de xeral aplicación.*

Completada a documentación e emitido o informe proposta favorable ao pagamento, no que se concrete o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar ao/á beneficiario/a, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

11.5. Xustificación extemporánea

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nas bases, ou o de prórroga concedido conforme ás mesmas, sen que o/a beneficiario/a presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

11.6. Pagamento



Segundo a opción escollida no anexo I, procederase ao pago anticipado do 50% da subvención no momento da concesión ou ao pago único unha vez procédase á xustificación e aprobación da conta xustificativa. Segundo a opción escollida será de aplicación o seguinte:

a) Caso de solicitar o pago anticipado do 50% da subvención

Regúlase o pago anticipado do 50% do importe da subvención concedida, en virtude do disposto no artigo 31.6 da Lei 38/2003, de 17 de novembro. No momento de acordar a concesión da axuda tamén se acordará o pago anticipado do 50% do importe concedido.

Non será preciso que as entidades beneficiarias presente garantía en virtude do disposto no artigo 42.1 do Regulamento da citada lei, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

No caso de que as entidades beneficiarias non xustifiquen o importe concedido deberá reintegrar o 50% da axuda anticipada, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador aplicable.

O pago do 50% restante farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro, nese caso deberá acordarse o inicio do procedemento de reintegro do 50% do pago anticipado.

Emitida resolución de pago, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a favor da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

No caso de non estar ao corrente nos seus deberes coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Tui advertirase ao beneficiario/a de que non se procederá ao pago e concederáselle un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación.

De non achegar xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada e o reintegro do 50% anticipado.

b) Caso de non solicitar o pago anticipado do 50% da subvención

O pagamento farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realizarase, con carácter xeral, nun pago único.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

No caso de non estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Tui advertirase ao/a beneficiario/a de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación. De non presentar a xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.



BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación das mesmas nos termos contemplados na presente base, na normativa de carácter xeral reguladora das subvencións e específica do Concello de Tui, así como nas Bases da Convocatoria a que se refira a subvención, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co seguintes procedemento:

8.1.- Incoación de oficio do mesmo mediante Resolución de Alcaldía, ou acordo da Xunta de Goberno Local, en caso de delegación, previo informe da Unidade xestora correspondente e da Intervención municipal, no que se acorde a apertura do expediente de reintegro da subvención.

8.2.- A notificación ás Entidades ou particulares interesados de dita Resolución, coa apertura do trámite de audiencia de quince días, a fin de que efectúen as alegacións que consideren pertinentes ou procedan a subsanar as deficiencias observadas, co apercibimento de que, no caso de acordarse o reintegro da subvención, esixiráselle o interese de demora dende o momento do pagamento da mesma, de acordo co previsto no artigo 38 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

8.3.- O Presidente ou órgano en quen delegue, unha vez resoltas as alegacións presentadas ou transcorrido o prazo sen que se presentaran as mesmas polos interesados, ditará Resolución acordando a procedencia ou non do reintegro e as demais actuacións que procedan.

8.4.- No caso de que se acorde o reintegro da subvención, este tramitarase a fin de que se faga efectivo nos prazos e co procedemento establecido con carácter xeral para outros ingresos de dereito público, mediante Resolución do Presidente.

O disposto na presente Base enténdese sen prexuízo do réxime sancionador.

BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

*No caso de **incumprimento dos prazos de xustificación**, se a dilación no cumprimento do prazo non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo que suporá o 30% do importe da subvención.*

BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS



As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

BASE 15.- CONTROL POSTERIOR POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

O control posterior das subvencións concedidas axustarase ao que cada ano se recolla no Plan Anual de Control Financeiro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL .- PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Tui é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica de tramitar a “CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓN CULTURAIS DO CONCELLO DE TUI NO EXERCICIO 2026”, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.

A lexitimación do tratamento está baseada nunha misión realizada en interese público, fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos/das beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento e en base á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas publicarase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 1, 36700 Tui) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓN CULTURAIS DO CONCELLO DE TUI NO EXERCICIO 2026



ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Nota.- Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- a) Memoria Descrición detallada da actividade para a que se solicita a subvención.
- b) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
- c) Certificacións de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria (AEAT, ATRIGA), Tesourería Xeral da Seguridade Social.

DATOS DO PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos (Presidente/a da entidade)	
NIF	
Enderezo	
Municipio	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

Actuando en representación de (**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**):

Nome da entidade	
CIF	
Enderezo	
Municipio	
Nº de Rexistro Municipal de Asociacións	
Nº de asociados	
Teléfono de contacto	
Nome do secretario/a	
Enderezo electrónico	

Tendo coñecemento da liña de subvencións convocada polo Concello de Tui para a promoción da actividades realizadas por asociacións culturais durante exercicio 2026, **SOLICITO** ao abeiro desta convocatoria a concesión dunha subvención para a realización das actividades indicadas a continuación:



DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE DO ANO 2026*[1]***

OBXECTIVOS DO PROXECTO PARA A QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

1.	
2.	
3.	
4.	

ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS (No caso de non ter suficientes liñas, anexar tabla)

<i>Descrición do gasto/actividade</i>	<i>Financiamento propio</i>	<i>Subvencións / Achegas</i>	<i>TOTAL</i>
1.			
2.			
3.			
4.			
5.			
6.			
7.			
8.			
9.			
10.			
<i>TOTAIS</i>			

INGRESOS:

<i>Descrición (Outras Subvencións solicitadas/concedidas para a mesma finalidade (identificar a administración concédente)), financiamento propio da entidade e outros recursos.</i>	<i>Im por te</i>
<i>Total recursos</i>	
<i>SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA AO CONCELLO DE TUI</i>	
<i>TOTAL PREVISIÓN DE INGRESOS PARA FINANCIACIÓN ACTIVIDADE</i>	



SOLICITUDE DE PAGO ANTICIPADO DO 50% DA SUBVENCIÓN CONFORME AO ARTIGO 31.6 DA LXS.

Conforme establece o artigo 31.6 da LXS solicito o 50% do pago anticipado da subvención.

	SI
	NON

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO

A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa

No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou o Concello de Tui ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.

AUTO
RIZO
A CO
NSUL
TA

SI
NON

Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT e ATRIGA).

Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións fronte á Seguridade Social

Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias e demais ingresos de dereito público do Concello de Tui

No caso de non poder o concello acceder á comprobación deberá presentar os correspondentes certificados.

Tui, ____ de ____ de 20__.-

O/A PRESIDENTE/A

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCION DE DATOS PERSOAIS

<i>Responsible do tratamento</i>	Concello de Tui
<i>Finalidade do tratamento</i>	<i>A finalidade específica da convocatoria das “ SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO DE TUI NO EXERCICIO 2026”, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.</i>
<i>Lexitim</i>	<i>Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do</i>



<i>acción para o tratamento</i>	<i>2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude</i>
<i>Destinatarios dos datos</i>	<i>Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicárase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais</i>
<i>Exercicio de dereitos</i>	<i>As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº1, 36700 Tui) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.</i>
<i>Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional</i>	<i>dpd@tui.gal</i>

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO DE TUI NO EXERCICIO 2026

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

<i>Nome e apelidos (Presidente da asociación)</i>	
<i>NIF</i>	



Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

<i>Nome da Entidade</i>	
<i>CIF</i>	

Aos efectos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En relación ao proxecto para o que se ten solicitado unha subvención do Concello de Tui ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

1. *Que na reunión da Xunta Directiva desta entidade, de data ____/____/____, acordouse, entre outros asuntos, o seguinte:*
 1. *Solicitar ao Concello de Tui unha subvención para o financiamento dos proxectos e actividades que se reflicten na memoria.*
 2. *Aceptar as bases da convocatoria*
2. *Que a entidade representada por min está debidamente constituída e que dispón de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.*
3. *Que a entidade representada por min está inscrita no rexistro de asociacións do Concello de Tui.*
4. *Que o número de socios/as asociado/as a esta entidade á día desta convocatoria é de _____.*
5. *Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incursos en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións..*
6. *Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Tui poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se adica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.*
7. *Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Tui, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha subvención ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.*
8. *Non ter pendente a xustificación de ningunha subvención anterior.*



9. *Que as actividades obxecto desta convocatoria serán desenvolvidas facendo uso do idioma galego por medios impresos e/ou dixitais. Excepto aquelas que por razóns obxectivas e docentes ligadas á aprendizaxe doutras linguas deban facerse no idioma correspondente.*
10. *Que esta asociación, en relación a outras axudas, solicitou: SI /NON e recibiu: SI /NON subvencións doutras administracións para o mesmo fin. En caso afirmativo indicar o detalle:*

Organismo	Disposición reguladora	Importe	Solicitada	Recibida

11. *Que esta asociación fará a divulgación do financiamento concedido polo Concello de Tui en folletos, programas, carteis,... que se fagan para promover as actividades culturais.*

Tui, de de 20__.-

O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO TUI NO EXERCICIO 2026

ANEXO III

CONTA XUSTIFICATIVA

DATOS DO PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos (Presidente/a da entidade)	
NIF	

DATOS DA ENTIDADE

Nome da Entidade	
CIF	

DECLARO:

1. *Que foron efectuadas as actividades financiadas con cargo á subvención concedida polo Concello de Tui para a promoción de actividades realizadas por asociacións culturais, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2026, e que se acadaron os obxectivos propostos.*
2. *Que os documentos presentados xunto coa conta xustificativa son orixinais polo que se responde da súa veracidade.*



CABO POR ASOCIACIÓN CULTURAIS DO CONCELLO DE TUI NO EXERCICIO 2026

ANEXO IV

DECLARACIÓN DO USO DO IDIOMA GALEGO E DIFUSIÓN FINANCIAMENTO

Nome e apelidos (Presidente da asociación)

NIF

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da Entidade

CIF

DECLARO:

Que as actividades obxecto desta convocatoria foron desenvolvidas facendo uso do idioma galego. Excepto aquelas que por razóns obxectivas e docentes ligadas á aprendizaxe doutras linguas deban facerse no idioma correspondente.

Achégase o seguinte material gráfico e/ou ligazón á páxina web/redes sociais acreditativo do uso do Galego, así como da difusión do financiamento da subvención por parte do concello de Tui (anexar documentación gráfica):

Tui, _____ de _____ de 20__.-

O/A PRESIDENTE/A, "

Segundo.- Autorizar o gasto por importe de 42.200,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 2026.1.334.48900.03, do Orzamento Municipal do exercicio 2026.

Terceiro.- Ordenar a publicación do Acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da LXS, a través do envío do extracto da convocatoria á Base Nacional de subvencións quen o remitirá ao BOP.

Cuarto.- Ordenar a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na páxina Web do Concello de Tui (www.tui.gal).



[1] Deberase describir, de xeito suficientemente pormenorizado, a actividade para a que se solicita a subvención, o exercicio no que se realizou a actividade de deberá ser o 2026, así como o fin ou obxectivo que se espera acadar coa mesma, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non sexa suficiente, poderán empregarse os documentos adicionais necesarios, documentos que serán presentados xunto con esta solicitude.

E para que así conste, aos efectos oportunos e coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, emito a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Tui.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

